

Edificio Xerencia  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel: 986 812 000  
Fax: 986 812 060

xerencia.uvigo.es  
xerencia@uvigo.es

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Saída Nº. 201100018493  
06/09/11 09:15:14

**RESOLUCIÓN XERENCIAL DO 6  
DE SETEMBRO DE 2011 POLA QUE  
SE ESTABLECE O PRAZO DE  
PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES  
DE PRENDAS DE TRABALLO  
CORRESPONDENTE AO ANO 2011.**

O artigo 42 do II Convenio Colectivo do Persoal Laboral de Administración e Servizos da Universidade de Vigo establece que a universidade proporcionará anualmente aos traballadores determinadas prendas de traballo segundo as diferentes categorías e actividades que realicen. Por outra banda, existe un procedemento de equipos de protección individual (EPI): xestión e utilización (PPRL 02-09), do Servizo de Prevención de Riscos Laborais aprobado polo Comité de Seguridade e Saúde na súa reunión do 28 de setembro de 2009. Dado que parte da roupa de traballo prevista no convenio ten a consideración de EPI, en xuño de 2009 por acordo entre a xerencia e os representantes do persoal concretouse o material previsto no Convenio Colectivo.

Tendo en conta o anterior, subministrarase a roupa de traballo solicitada conforme ao previsto no convenio, agás a que sexa equipo de protección individual que se facilitará seguindo o procedemento PPRL 02-09 de equipos de protección de protección individual, e incluíndo as modificacións e aplicacións pactadas entre a Xerencia e a representación do PAS Laboral na reunión do 6 de maio de 2010, que se anexan.

Así mesmo, co obxecto de dispoñer de roupa nos centros para calquera imprevisto, inclúese a posibilidade de que os/as administradores/as soliciten prendas con ese obxecto.

Tamén se inclue como requisito que a solicitude veña informada polos responsables no senso de acreditar que as persoas solicitantes veñen utilizando habitualmente a roupa solicitada.

**ESTA XERENCIA RESOLVE:**

**Primeiro:** Abrir prazo para que o persoal laboral poida presentar as súas solicitudes de prendas de traballo, ata o 7 de outubro de 2011, segundo o modelo oficial que figura como Anexo II, de conformidade co artigo 42 do II Convenio Colectivo.

**Segundo:** Os/as interesados/as deberán presentar as súas solicitudes, dirixidas ao Servizo de Xestión Económica, no rexistro xeral ou rexistros auxiliares desta Universidade ou por calquera dos medios aos que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, debidamente conformadas polo/a administrador/a ou responsable de área ou oficina correspondente.

**Terceiro:** Os/as responsables anteriores poderán solicitar a adquisición dun número de prendas para telas en almacén ao obxecto de poder utilizalas en caso de imprevistos ou por incorporación de persoal temporal.

Vigo, 6 de setembro de 2011

O Xerente



Manuel Fernández Jauregui

**SRES/AS XEFES DE SERVIZO**

**SR. DIRECTOR DA BIBLIOTECA UNIVERSITARIA**

**SRES/AS ADMINISTRADORES DE CENTRO**

**SRES/AS RESPONSABLES DAS UNIDADES DE INFORMACIÓN**

**TABOLEIROS DE ANUNCIOS DO REXISTRO XERAL E AUXILIARES**

**ANEXO I. Acordo do 6 de maio de 2010 sobre modificación da roupa de traballo.**

CATEGORÍA	MATERIAL
ATSX E TESX (incluído Porteiro Maior)	-Conforme Convenio. Os zapatos serán de seguridade e terán a consideración de EPI. -Cazadora/chuvasqueiro (concederáse cada 2 anos).
ATID e TEAD	-Conforme Convenio -Aquel que coincida co previsto para ATSX e TESX. -Cazadora/chuvasqueiro (concederáse cada 2 anos).
T.E. BELAS ARTES	-Conforme Convenio
TEB	-Conforme Convenio
TE. CAPATAZ FORESTAL E TE XARDINEIRIA	-Conforme Convenio. O calzado de protección terá consideración de EPI. -2 batas -Cazadora/chuvasqueiro (concederáse cada 2 anos).
T.E. TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN	-Conforme Convenio. -Terán dereito a 2 camisas de inverno e 2 camisas de verán.
TÉCNICOS/AS LABORATORIO	-Conforme Convenio.

ANEXO II

SOLICITUDE DE ROUPA DE TRABALLO

CONSONTE CO ESTABLECIDO NO ARTIGO 47 DO CONVENIO COLECTIVO, O/A QUE SUSCRIBE, DO QUE SE EXPRESAN A CONTINUACIÓN DATOS PERSOAIS E PROFESIONAIS, SOLICITA A CONCESIÓN DAS PRENDAS DE TRABALLO QUE A CONTINUACIÓN SE RELACIONAN:

1.- Datos persoais e profesionais

Primeiro apelido:	Segundo apelido:	Nome:
DNI:	Teléfono /endereço electrónico:	
Situación Administrativa:		
Destino actual:	Posto de traballo:	

Prendas que solicita:



En ....., .... de ..... de 2011

(sinatura do interesado)

Vº e Prace

O/A Administrador/a, Responsable ou Director de área ou oficina

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO